



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DE DATA **29/11/ 2007**

ASISTENTES:

D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente, grupo PSOE
D. Ildefonso José Piñeiro Díaz, Tenente de Alcalde, grupo BNG
D^a Araceli Río Bimbiela, grupo PSOE
D. Roberto Iglesias Delgado, grupo PSOE
D^a M^a Amadora Gómez Álvarez, grupo PSOE
D. Xesús Mazaira Varela, grupo BNG
D^a. Olga Otero Gómez, grupo BNG
D. Manuel Lorenzo Varela Rodríguez, grupo PP
D^a M^a Susana López Abella, grupo PP
D. José Castor Novoa Fernández, grupo PP
D. Manuel Diéguez Carballo, grupo PP
D^a. M^a Cándida Carneiro Branco, grupo PP
D. José Luís Janeiro Rodríguez, grupo PP

SECRETARIO:

D. Rafael del Barrio Berbel.

No salón de sesións da Casa da Cultura do Concello de Chantada, sendo ás vinte horas do día vinte e nove de novembro de dous mil sete, reuníronse, logo de convocatoria en legal forma practicada, os señores concelleiros e concelleiras que se relacionan arriba e que constitúen a maioría absoluta dos que compoñen o Pleno da Corporación, baixo a presidencia do Sr. alcalde, D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, e asistidos por min, o secretario, co obxecto de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse a,

ORDE DO DÍA:

1º. - APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 25/10/2007.

Polo Sr. Alcalde dase a coñecer a acta pendente de aprobación correspondente á sesión ordinaria de data 25/10/2007. O non haber observacións enténdese aprobada por unanimidade.

2º. - DAR CONTA DOS INGRESOS E GASTOS DAS FESTAS PATRONAIS DE CHANTADA DO ANO 2007.

O concelleiro delegado do area de festas e eventos, D. Roberto Iglesias Delgado, agradece en primeiro lugar á anterior comisión de festas o asesoramento e apoio dado á nova comisión de festas, e agradece tamén persoalmente o traballo desenvolvido por esta nova comisión, así



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

como a colaboración dos cidadáns de Chantada e a súa participación nas festas con achegas económicas.

En canto ao estado das contas das festas, o Sr. Iglesias refírese en primeiro lugar aos ingresos realizados, distinguindo os ingresos por distintos sectores, como o hostaleiro (11.445 euros), o de establecementos comerciais e industriais (27.840 euros), as achegas de particulares (600 euros), os ingresos polas barracas da rúa Xoan XXIII (6.350 euros) e do mercadillo (700 euros), e a achega municipal do concello a cargo do presuposto de 2007 (66.000 euros), ascendendo todo iso un total de 112.935 euros.

En canto ao estado de gastos, que ascende á cantidade de 101.552,48 euros, o concelleiro indica que están todos pagados e liquidados, a expensas da partida de espectáculos (atraccións), o que supón un superhabit de 11.382,52 euros, que quedará a disposición do concello nunha conta corrente. Indica tamén que as contas son públicas e que están no concello para que poidan ser revisadas por calquera cidadán.

En relación coas distintas achegas realizadas, o concelleiro de festas destaca as cotas dos hostaleiros e os industriais, que se explicaron á xente e se aceptaron como xustas case nun 90 por cento. E respecto das cotas de particulares, sinala que habería que intentar aumentalas para axudar ao esforzo económico do concello e das empresas. Apunta neste sentido, que se debería de buscar entre todos algunha fórmula áxil para poder cobrar as cotas xa sexa a través do recibo da auga, ou doutra forma; sempre que sexa de forma voluntaria, de modo que se intente alcanzar un presuposto duns 150.000 euros e conseguir unha grande atracción.

O voceiro do grupo PP, D. Manuel L. Varela, móstrase de acordo coas contas que se presentan, sinalando que as achegas de empresas e particulares melloraron, e que son os particulares e as empresas os que teñen que sufragar as festas, e non facelo via impositiva, polo que habería que tratar de reducir na medida do posible a achega do concello. En canto á posibilidade apuntada de poder cobrar as cotas a través do recibo da auga, sinala que non sería legal, polo que habería que facelo noutro recibo independente, mostrándose disposto a buscar unha solución entre todos.

O Sr. Alcalde felicita a todos os membros da comisión de festas deste ano polo traballo desenvolvido e animalles para as festas do ano que vén.

3º. - SOLICITUDE Ó MINISTERIO DE FOMENTO DE ENTREGA DE TRAMOS URBANOS DA REDE DE ESTRADAS DO ESTADO.

Dada a conveniencia de solicitar ao Ministerio de fomento a entrega dos devanditos tramos urbanos, tendo en conta as compensacións económicas previstas na devandita normativa para sufragar os gastos de execución das obras necesarias para unha axeitada funcionalidade das devanditas vías.

Xustificada a urxencia da presente proposta en que debería iniciarse e se tramitar canto antes o presente expediente, polo que non sería conveniente pospoñer o asunto ata a seguinte sesión plenaria do mes de decembro.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Considerando o disposto na Lei 25/88, do 29 de xullo, de Estradas; no RD 1812/1994, do 2 de setembro, Regulamento Xeral de Estradas; na Orde de 23/07/2001 do Ministerio de Fomento, pola que se regula a entrega aos Concellos de tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado; e na Orde FOM/3426/2005 de 27/10/2005 pola que se fixan ás condicións especiais para a entrega aos Concellos de tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado.

Considerando o establecido no artigo 21 e 22 da Lei 7/1985 do 2 de abril reguladora das bases de réxime local.

Aberto o debate pola Presidencia, o Sr. Varela argumenta que descoñecen as condicións en que se vai asinar este asunto, e que non parece acertado asumir polo concello o mantemento e conservación do tramo da nacional 540 e do tramo do polígono industrial, xa que mais que beneficios podería ter perxuizos, salvo que se asuma cunhas condicións decentes e non no sentido en que se pretende asumir.

O Sr. Iglesias sinala que as cantidades están reguladas nunha Orde do Ministerio de Fomento, que establece a cantidades para tramos urbanos dunha e dúas calzadas, polo que non cabe negociación. Apunta tamén que os tramos de Chantada están bastante deficientes como o da plazuela ata a gasoleira, o tramo dende as delicias ata enlazar coa rotonda, o tramo dende o polígono ata a gasoleira, e o problema da ponte do paseo fluvial, que necesita unha solución, como podería ser un desdoblamento peonil para o paso de xente. Sinala tamén que o concello podería regular taxas para as empresas canalizadoras, e que a estrada vella do polígono non necesitaría demasiados arranxos, polo que serían máis os beneficios que os perxuizos, e que en calquera caso, habería que axustar os proxectos ás cantidades recibidas.

O Sr. Varela apunta que antes de tramitar este expediente habería que valorar por un técnico o importe das obras a realizar en todos os tramos, así como o importe dun carril de lentos coas correspondentes expropiacións, o que sería necesario e xa se solicitou polos empresarios de Chantada; e unha vez valoradas as obras a realizar negociar o convenio con mais forza, xa que sería conveniente que fomento achegase entre 500.000 e 800.000 euros para ese carril, e se se asina primeiro o convenio non vai ser suficiente para facer as cousas decentemente.

O Sr. Iglesias di que o carril de lentos sería a partida máis cara, e que solo con urbanizar o que esta sen urbanizar sería suficiente, pero que primeiro habería que adoptar o acordo e logo concretar as condicións ao asinar o convenio.

O Sr. Alcalde sinala que non ve factible o carril de lentos xa que coa futura autovía habería unha variante, e que no convenio se concretaría todo, logo de comisión informativa ou Pleno se fose necesario antes da sinatura definitiva; pero en calquera caso o acordo hai que adoptalo agora no sentido proposto.

O Pleno da Corporación, por sete votos a favor correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG, e seis votos en contra correspondentes aos membros do grupo PP, ACORDA:

PRIMEIRO.- Solicitar o Ministerio de Fomento a transferencia da titularidad dos tramos urbanos da Rede de Estradas do Estado pertencentes o Concello de Chantada, de acordo co disposto na Lei e o Regulamento de Estradas, e nas Ordes do Ministerio de Fomento de datas 23/07/2007 e 27/10/2005, polas que se regula as súas condicións de entrega.

SEGUNDO. - Facultar a D. Manuel Anxo Taboada Rodríguez, Alcalde-Presidente do concello



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

de Chantada, para a sinatura da acta de entrega e demais documentos necesarios para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Comunicar o presente acordo ó Ministerio de Fomento para o seu coñecemento e efectos oportunos.

4º. - MOCIÓNS.

4.1. - DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO, GRUPO PP. E DECLARACION INSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO, GRUPOS PSOE E BNG.

Defende a moción a concelleira do grupo PP, D^a M^a Susana López Abella, sinalando que a violencia de xénero é un problema de todos, e que a pesar de que estamos dotados de dúas leis aprobadas no ano 2004 no congreso e no parlamento de Galicia, os datos e estatísticas de denuncias de violencia de xénero son moi preocupantes, o que nos leva a afrontar o problema e establecer campañas de concienciación axeitadas. A concelleira sinala medidas necesarias como a creación de mais unidades xudiciais, xa que os xulgados de violencia de xénero non son suficientes (Galicia solo conta con dous, un en Coruña e outro en Vigo, cando a lei estatal establece que en cada partido xudicial debe haber un), polo que habería que instar á Xunta de Galicia para que esta solicite ó Estado o aumento das unidades xudiciais, polo menos unha en Lugo capital e outra en Chantada co tempo. Tamén sinala outras medidas como as de instar á Xunta a elaborar un plan integral de protección contra a violencia de xénero, á coordinación entre as distintas institucións e administracións afectadas, á creación dun centro de acollida no partido xudicial de Chantada para a comarca de Chantada, e á creación dun fondo de emerxencia para o concello de Chantada, con axudas concretas para as mulleres vítimas de violencia. Por último a concelleira refírese á existencia dunha declaración institucional do equipo de goberno, á que sería conveniente chegar a un consenso entre os tres partidos, engadindo os puntos que presenta o grupo PP.

O Tenente de Alcalde, D. Ildfonso Piñeiro Diaz, procede á lectura da declaración institucional do día internacional contra a violencia de xénero, e sinala a continuación que non ten inconveniente en aceptar varios dos puntos da moción do PP e integralos na declaración institucional, salvo no relativo ao centro de acollida na comarca de Chantada.

A concelleira do grupo PSOE, D^a Araceli Río Bimbiela, móstrase de acordo coa moción do grupo PP, salvo no relativo ao piso de acollida, sinalando que hoxe por hoxe non é necesario pola escasa demanda existente (houbo 39 consultas no CIM por violencia de xénero e 3 teleasistencias), xa que só nun caso recorreuse a un piso de acollida, polo que sería mellor buscar solucións na deputación de Lugo ou en concellos limítrofes, xa que Chantada non reúne as condicións de protección como outros concellos mais grandes. Polo demais móstrase favorable coa moción do PP.

A Sra. López Abella matiza que solo con que haxa un caso que necesite dun piso de acollida xa é suficiente, dado que pode derivar nunha morte; e que esa persoa que necesitou o piso pasou por unha situación tremenda. Se ben, móstrase favorable a retirar ese punto en aras do consenso para a aprobación da declaración institucional.

Sometida a declaración institucional a votación, integrando a moción do PP, é aprobada por unanimidade no seguinte sentido:



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

"DECLARACION INSTITUCIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XENERO

O 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, é unha data para a denuncia, para a concienciación social, e para avaliar os avances que se teñan dado e anticipar novas liñas de actuación.

Os cambios e avances no tratamento legal da violencia de xénero son pasos necesarios para loitar contra este fenómeno. A Lei Galega para a Prevención e Tratamento Integral da Violencia de Xénero é un instrumento para unha nova abordaxe da violencia de xénero no ámbito galego co fin de conseguir unha verdadeira realización do principio de igualdade entre mulleres e homes, porque un dos obxectivos prioritarios de toda sociedade democrática é a igualdade entre os homes e as mulleres e unha clara expresión da desigualdade é a violencia de xénero.

A sociedade galega non debería aceptar ningunha forma de violencia de xénero, e as institucións locais teñen que tomar consciencia e responsabilizarse na tarefa de eliminación da violencia exercida contra as mulleres. Tomar consciencia é un paso que hai que dar de modo colectivo, desde o mundo laboral, as institucións, os medios de comunicación, o ensino, etc, mas tamén é un paso que se debe dar de modo persoal e individual.

Para construír unha sociedade baseada nos valores democráticos de igualdade entre mulleres e homes, necesitamos de medidas legislativas ou contribucións desde as administracións públicas, mais aínda é necesario o compromiso social. Este compromiso social constrúese desde a solidariedade persoal á hora de condenar sen paliativos as accións de violencia contra as mulleres, de denuncialas e facer visíbeis as nosas denuncias.

Por iso a Corporación Municipal desta volta quere chamar tamén á responsabilización e ao compromiso persoal de cadaquén. Os agresores non deben achar respaldo para continuar con "normalidade" a súa vida mentres as mulleres agredidas pasan auténticas dificultades para recuperar as súas vidas. Estas dificultades son moitas e teñen que ver co aspecto económico, laboral, familiar e social.

No momento en que vivimos, onde as mulleres seguen a ser obxecto de maos tratos e moitas perden a vida a mans da súa parella ou ex-parella, non cabe ollar para outro lado, debemos dar a cara todos e todas, e asumir homes e mulleres que coa violencia de xénero non caben medias tintas. Contra a violencia machista debemos actuar todos e todas. Todas e todos somos testemuñas, e podemos escoller entre ser cómplices ou ser persoas solidarias que non imos consentir co noso silencio que se lexitimen condutas violentas contra as mulleres que perpetúan concepcións machistas asentadas en valores patriarcais.

O papel que teñen os concellos nesta loita común é fundamental, xa que poden actuar como ponte de conexión entre as políticas deseñadas a nivel nacional polo goberno galego e a cidadanía, e poden constituírse nun modelo de repulsa para todos os veciños e veciñas dos actos de violencia contra as mulleres, manifestando a súa total condena e proclamando a súa corresponsabilidade na prevención, persecución e denuncia dos casos de violencia machista, así como a atención ás mulleres en situación de violencia de xénero.

As cifras de denuncias e de mulleres asasinadas que se repiten ano tras ano, poñen de manifesto dunha maneira brutal, que aínda non podemos baixar a garda, e que se fai



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

imprescindíbel a implicación de todas as institucións, asociacións e persoas. Sabemos que nos enfrontamos a un problema estrutural, pero este feito non pode converterse nunha escusa para non actuar.

Cómpre pois unha implicación real de todas as administracións no desenvolvemento de actuacións encamiñadas a previr e paliar esta situación.

Unha das medidas fundamentais é apoiar as mulleres para que poidan iniciar unha nova vida en liberdade e protexida dos agresores.

Neste camiño, a corporación municipal comprométese a :

- Crear un fondo de emerxencia, contemplando no orzamento unha partida específica para tal fin, que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero do concello que de maneira urxente necesiten recursos.

- Instar a Xunta de Galicia a que dote dun fondo de emerxencia para o concello de Chantada, co fin de que sirva para atender os casos de mulleres en situación de violencia de xénero que necesiten de recursos con urxencia..

- Instar a Xunta de Galicia a que solicite do Estado o incremento do número de xulgados de violencia sobre a muller.

- Instar a Xunta de Galicia a que elabore un Plan Integral de Sensibilización, Prevención e Tratamento da Violencia de Xénero.

- Instar a Xunta de Galicia a que estimule a coordinación e apoio entre ás distintas Institucións, Xunta de Galicia, deputación Provincial, e Concellos.”

4.2. - PLAN REEQUILIBRIO TERRITORIAL DA XUNTA DE GALIZA, GRUPO PP.

" O 25 de xuño de 2007, o Presidente da Xunta de Galicia fixo público o contido do Plan de Reequilibrio Territorial. A través deste documento, o Executivo autonómico comprometése a executar unha serie de actuacións e investimentos, en varios concellos da xeografía galega, co obxecto de impulsar o desenvolvemento económico, equilibrado e sostible de Galicia.

O obxectivo final debera ser o reforzo da cohesión socio-territorial a través do impulso dunha serie de actuacións orientadas a corrixir os desequilibrios territoriais internos. Para logralo, pretenden desenvolver varios procesos de dinamización económica, planificación e coordinación das actuacións das distintas Administracións Públicas, en materia de infraestruturas, apoio aos sectores produtivos e dotación de novos e mellores equipamentos.

Pero lonxe destes obxectivos, por todos desexables, e tras realizar unha análise do seu contido, o Grupo popular constata que este plan se limita a ser unha compilación de proxectos, paralizados tras o acceso ao poder do actual Goberno bipartito, e outros que, na maioría dos casos, xa deberan estar rematados o permanecen pendentes de execución. Ademais, do propio contido do Plan, dedúcense importantes ausencias, consecuencia todas elas da falta de participación dos Concellos na elaboración do mesmo, que constitúen de por si, un verdadeiro fraude para as entidades locais.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

Por outra banda, parece claro que o Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia contempla unha descrición pouco precisa das actuacións nel incluídas, o que dificulta a análise da súa funcionabilidade e imposibilita realizar unha valoración precisa da repercusión e beneficios que as previsións nel contidas traerán ao noso concello, e aos municipios da nosa provincia.

Pese a iso, é sinxelo observar a falta de novas ideas, novos proxectos e o atraso de moitos deles respecto das previsións incluídas no Plan de Dinamización Económica -Plan Galicia posto en marcha polo anterior Executivo Popular.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal que subscribe, considera de interese municipal prioritario que o Pleno da Corporación Municipal ACORDE:

Que o Pleno do Concello inste á Xunta de Galicia a:

- 1. A incorporar no denominado Plan de reequilibrio a Area de actuación de Chantada.*
- 2. A que no denominado Plan se incorpore unha serie de actuacións consideradas prioritarias para o desenvolvemento do noso Concello tales como:*
 - Recuperación dos alpendres do parque Campo da Feira de Chantada.*
 - Acondicionamento de camiños rurais os viñedos na Ribeira Sacra*
 - Convenio para completar obras de mellora no medio rural*
 - Plan especialde protección do castiñeiro de Ribeira Sacra*

 - Promoción e potenciación da D.O Ribeira Sacra*
 - Restructuración de viñedos na comarca de Chantada*
 - Construción de edificio multiúsos*
 - Depuradora de Chantada*
 - Nova reidencia Terceira Idade*
 - Dotación para programas de loita contra a violencia de xénero adesevolver pola corporación local*
 - Apoio ás mulleres que sofren violencia*
 - Plan contra a violencia de xénero*
 - Compra e recuperación da Torre de Arcos*
 - Igrexa de Pesqueiras actuacións de rehabilitación*
 - Conservación do camiño de inverno pola Ribeira Sacra*
 - Reforzamento do equipamento da biblioteca municipal de Chantada*
 - Acesos axeitados o Polígono Industrial dos Acivros ca futura autovía lugo-Orense.*

Defende a moción a Sra. López Abella, afirmando que parece que o partido xudicial de Chantada e a comarcade Chantada non existen para a Xunta, xa que no Plan de reequilibrio territorial non leva consigo ningunha novidade, nin aparece o area de Chantada. Sinala que se trata do plan Touriño de incumprimentos, con moitas carencias e falta de concreción, que non contou cos concellos que deberían ser consultados. Sinala tamén que os proxectos que hai no plan supoñen un atraso dos proxectos que impulsou o PP, e que non hai nada para a comarca de Chantada. Concretamente a concelleira indica que non aparecen neste plan actuacións importantes para este concello, como convenios para complementar obras de mellora no medio rural, plans especiais de protección do castiñeiro da Ribeira Sacra, potenciación da denominación de orixe Ribeira Sacra, a residencia da terceira idade, a depuradora de Chantada, ou a construción do edificio multiúsos, recalcando a necesidade de aprobar por



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

unanimidade esta moción para recoller estas actuacións, xa que se non Chantada vai quedar de forma moi negativa con respecto a outras zonas de Galicia.

O Sr. Alcalde contesta que a concelleira debería de estar informada de que está concedida a subvención da escola taller que inclúe obras como a de recuperación de alpendres, e que o resto de peticións estarían comprendidas nas competencias de distintas consellerías, que as realizan cada ano, como o mantemento de camiños rurais, o plan de reestruturación de viñedos que financia a Consellería de Agricultura, ou a denominación de orixe Ribeira Sacra. En canto á depuradora de Chantada afirma o Sr. Alcalde que o concello non ten terreos para facer a ampliación, e que o equipo de goberno esta traballando nun proxecto mais ambicioso, que consiste en trasladar en catro anos a depuradora ao ámbito da ponte meixide, ligado ao paseo fluvial, con expropiacións para a canalización da depuradora. En canto ó edificio multiusos, o Sr. Alcalde indica que se vai facer en catro anos, e o próximo ano a Consellería de Presidencia vai financiar o proxecto. Con respecto á recuperación da Torre de Arcos, sinala que non é unha prioridade para o concello, e que non hai por agora quen a compre; en canto á igrexa de Pesqueiras, aclara que Patrimonio está a actuar na rehabilitación; que a recuperación do camiño de inverno sería unha vez declarado como ruta oficial xacobeo; e que os accesos ao polígono industrial estarán coa construción da nova autovía.

O Tenente de Alcalde sinala que o plan significa unha mellora para todos os galegos, pensando en xeral e de forma homoxenea, sen localismos, e que trata de cambiar a tendencia de aumentar a fractura territorial. Concreta que se van destinar á provincia de Lugo entre 2008 e 2010 mais de 3.600 millóns de euros de forma equitativa e non localista. Sinala concretamente as obras da Consellería de Cultura, de Patrimonio, que están a realizar nas

igrexas de Pesqueiras e Nogueira, que tamén hai un proxecto da Consellería do Medio Rural do 2007 o 2009, que contempla actuacións especiais na Ribeira Sacra cun presuposto de 3 millóns de euros que se vai presentar en breve. En canto á Torre de Arcos, apunta que lle gustaría poder adquirila pero que parece pouco probable a súa venda. En canto aos accesos ao Polígono Os Acivros indica que o equipo de goberno está a traballar niso.

O Sr. Iglesias di que o Plan Galicia tamén podería consultar aos concellos, e que se ten agora de súpeto unha visión localista. Sinala tamén que non é necesario incluír nese plan o mantemento da biblioteca, xa que o obxectivo é o vertebración da Galicia interior. En canto á autovía apunta que no ano 2008 se van licitar os terreos, e que con atrasos pero estará en marcha. En canto á depuradora sinala que non se pode facer en seis meses si se quere facer ben, e que se están a facer as xestións para que a depuradora este onde teña que ir sen renunciar ás subvencións.

A Sra. López Abella, na segunda quenda, insiste en que Chantada só aparece mencionado nunha páxina do plan, e xunto a outros once concellos de Lugo, que o PP sempre foi localista, e é por iso polo que presentan emendas para que nos teñan en conta. En canto ao alpendre afirma que era un proxecto que xa estaba sobre a mesa co anterior Alcalde, e debería reflectirse no plan; en canto á biblioteca di que a cultura é necesaria e que hai que lle dar a importancia que merece. En canto ás cantidades mencionadas polo Sr. Piñeiro, a concelleira pregunta que canto vai para Chantada, que non se pode estar satisfeitos xa que Chantada solo aparece no area de Monforte. En canto á depuradora, sinala que Chantada non aparece no mapa de depuradoras de Galicia para o ano 2008, nin sequera a remodelación; e respecto ao camiño de inverno di que se debería recoñecer o seu tratamento pola súa riqueza paisaxística



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

de románico á marxe da súa declaración oficial de camiño a Santiago; polo que habería que ser máis ambiciosos e votar a favor a moción coas particularidades que houbera que incluír.

O Sr. Alcalde finaliza o debate afirmando que van votar en contra da moción que parece ser unha moción tipo que intentaron adaptar a Chantada.

Sometida a moción a votación, é denegado por seis votos a favor correspondentes aos membros do grupo PP, e sete votos en contra correspondentes aos membros dos grupos PSOE e BNG.

3º. - ROGOS E PREGUNTAS

ROGOS:

1. Sr. Varela: A fonte de Franza na parroquia de Veiga habería que rematala canto antes.
2. Sr. Varela: Habería que limpar e arranxar o camiño da parroquia de Merlán, en torno a 400 metros.
3. Sr. Varela: Habería que arranxar o camiño antes do padrairo, fronte ao taller de Catino, paralelo á circunvalación, próximo a tres casas.

PREGUNTAS:

1. Sr. Varela: Que tipo de proxecto ou anteprojecto hai do paseo fluvial, e que tipo de financiamento, que xestións se están a facer.

- Sr. Alcalde: Fixéronse xestións ante a confederación hidrográfica, que é a encargada de facelo, coas explotacións e o financiamento correspondente.

2. Sr. Varela: A estrada de Merlán esta sen urbanizar, deberíase urbanizar o ensanche ata San Fiz, vense facer xestións ante a Deputación para a súa urbanización no POS de 2008.

- Sr. Alcalde: Farémolo.

3. Sr. Varela: Anulouse a subvención de 97.000 euros do POS de 2007 por un fallo administrativo ou político, por non facer a prórroga en prazo ante o ministerio.

- Sr. Alcalde: A obra estaba aprobada o 17/04/2007 cando vostede era Alcalde, polo que se debería encargarse do proxecto entón, xa que cando chegamos ao goberno non había proxecto e houbo que encargalo correndo, se licitou polo procedemento de urxencia sen visar, e se solicitou prórroga en prazo pero o MAP non a concedeu; aínda que se concedeu o plan complementario por menos importe, polo que a responsabilidade sería compartida en todo caso.



CONCELLO DE CHANTADA (LUGO)

Praza de Galicia, nº 1- 27500 CHANTADA | Tel. 982 44 00 11- Fax. 982 46 21 02 |
aytochantada@infonegocio.com - www.concellodechantada.org

4. Sr. Varela: Hai borrador do presuposto de 2008.

- Sr. Alcalde: Non, estanse a dar os primeiros pasos, temos unha Interventora compartida co concello de Carballiño, que solo vén un día á semana.

5. Sr. Varela: Está previsto reunir á mesa sindical.

- Sr. Alcalde: Aínda non.

6. Sr. Varela: Están a traballar no regulamento orgánico do Pleno, e nos consellos municipais que se querían establecer.

- Sr. Alcalde: Non.

7. Sr. Varela: Enviaron os de Unións Agrarias os convites ao concello.

- Sr. Alcalde: Non entregaron nada no concello.

8. Sr. Varela: Como van as negociacións con Galicia Vento sobre o patrocinio do equipo de baloncesto Chantada, hai compromisos.

- Sr. Alcalde: Non depende de nos, intentamos negociar a mellor partida.

- Sr. Iglesias: Aclara que non se está a negociar só a subvención para fútbol ou baloncesto, senón que se está a negociar para o concello de Chantada, xa que Galicia Vento ten que reverter obras para a cidade de Chantada. Intentarase manter este ano as axudas dos clubs de fútbol e baloncesto, pero non hai compromisos por agora.

E sendo, ás vinte e unha horas e trinta minutos, e tendo cumprido o obxecto da convocatoria, levantouse a sesión, de todo o cal, como secretario, dou fé e certifico.

Chantada, 30 de novembro de 2007

O ALCALDE

O SECRETARIO

Manuel Anxo Taboada Rodríguez

Rafael del Barrio Berbel